

Venres, 22 de decembro de 2017

Núm. 244

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TOMIÑO

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE LIMPEZA
DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS.*

EDICTO DO CONCELLO DE TOMIÑO

O Pleno do Concello de Tomiño, en sesión do 5 de outubro de 2017, acordou provisionalmente a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polos servizos de limpeza de pozos negros e fosas sépticas, o que se fixo público a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia da data 26 de outubro de 2017, sen que se presentasen reclamacións, polo que considerase aprobado, co texto que se acompañan neste ANEXO.

ANEXO

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS
DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS**

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible da taxa regulada nesta ordenanza o servizo de limpeza de pozos negros e fosas sépticas e o posterior traslado dos residuos a instalacións de EDAR.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por:

Pozo cego ou pozo negro. Escavación no terreo, xeralmente de forma circular, revestida de paredes perforadas que recibe descárgaa das augas residuais (augas negras). Nese sistema primario de depuración o líquido filtrase no terreo, mentres que a parte sólida queda retida ata que se descompón por efecto bacteriano. A profundidade máxima do pozo ven determinada pola napa freática ou capa de auga superficial ou subterránea do terreo á que non debe alcanzar o pozo para non contaminar dita auga.

Fosa séptica. Instalación na que se leva a cabo o tratamento primario de augas residuais de natureza doméstica. Componse de dous ou máis compartimentos nos que se realiza a separación e a reacción físico-química da materia orgánica desas augas.



Venres, 22 de decembro de 2017

Núm. 244

Estación depuradora de augas residuais (EDAR). Unidade composta por instalacións, estruturas ou mecanismos que permitan unha depuración por métodos físicos, químicos ou biolóxicos da auga residual co fin de adecuar a auga residual aos obxectivos de vertedura.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo 1 da presente ordenanza.

ARTIGO 4. SOLICITUDE DE BALEIRADO

1. A solicitude de baleirado realizarase mediante o formulario correspondente que recollerá os datos necesarios identificativos do inmovible, do propietario do mesmo e da fosa séptica/pozo negro a baleirar. Esta solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a. Copia do NIF/CIF do solicitante.

b. Resolución positiva da tramitación da Declaración de Baleirado de Fosas Sépticas en Depuradoras de Augas Residuais Xestionadas por Augas de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Xunta de Galicia, por aplicación do Decreto 136/2012, do 31 de Maio de 2012, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

c. Informe da empresa concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de e Saneamento de Auga do Concello de Tomiño de que a vivenda non dispón de conexión ó servizo municipal de saneamento nin ven obrigada a súa conexión de acordo ás condicións que se establecen no "Regulamento do Servizo Municipal de Subministración de Auga do Concello de Tomiño (BOP nº 209 de 31 de Outubro de 2005).

d. Xustificante de ter realizado o pago estipulado da cota correspondente segundo artigo 6, en función do volume de residuos a baleirar e do número de baleirados realizados dentro do ano natural.

2. Para proceder ó baleirado por parte dos servizos municipais, a fosa séptica ou pozo negro deberá estar dado de alta no Censo de Fosas Sépticas e Pozos Negros do Concello de Tomiño.

ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Gozarán de exención da tarifa de primeiro baleirado aqueles fogares, que pola súa precariedade económica e de especial vulnerabilidade, sexan obxecto de intervención e seguimento polo Departamento de Servizos Sociais e así o dispoña o informe de Servizos Sociais.



Venres, 22 de decembro de 2017

Núm. 244

Non se admitirán outras exencións e bonificacións nesta taxa que as establecidas en normas de rango legal ou en tratados internacionais.

ARTIGO 6. COTAS

As tarifas aplicaranse por cuba ou fracción (4 m³ de capacidade máxima). No caso de que o volume de residuos xerados sexa inferior ós 4 m³, aplicarase a tarifa do tramo, que se considera a tarifa mínima polo uso do servizo. Non se admitirán fraccionamentos desa tarifa mínima dentro de cada tramo.

As tarifas serán as seguintes:

1. Primeiro baleirado dentro do ano natural (os primeiros 4 m³) : 20 € por cuba ou fracción.
2. Segundos e posteriores baleirados dentro do ano natural: 40 € por cuba ou fracción.

ARTIGO 7. DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas nesta ordenanza devengarase no momento da solicitude dos servizos.
2. Os solicitantes dos servizos que constitúan o feito impositivo desta taxa deberán realizar, no momento da solicitude, autoliquidación e ingreso das taxas correspondentes polos importes sinalados nas tarifas do artigo anterior. A Concello de Tomiño practicará liquidación complementaria se procedese.

ARTIGO 8 . INFRACCIÓN E SANCIÓNS

Nas infraccións tributarias desta ordenanza a súa cualificación, así como as sancións correspondentes estarase ó disposto na Lei xeral tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS

1.^a. No que non estea previsto na presente ordenanza fiscal será de aplicación a Lei xeral tributaria e normativa concordante de aplicación.

2.^a. A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

